

consellería correspondente, tras comprobarse o cumprimento dos requisitos legais.

Ademais, o seu cesamento deberá ser autorizado por un decreto do Consello e estar "motivado polo incumprimento por parte da universidade dos requisitos legalmente establecidos e dos compromisos adquiridos no momento de solicitar o recoñecemento" ou por decisión da entidade promotora.

CONTROL

A lei tamén establece que **a universidade privada deberá colaborar coa Xunta "na tarefa de comprobación do cumprimento dos requisitos e compromisos adquiridos"**, ademais de "elaborar anualmente unha memoria detallada que comprenda as actividades docentes que se realicen" e "as liñas de investigación e os seus resultados".

Así mesmo, destácase que "a execución e desenvolvemento desta lei non terá incidencia de ningún tipo na dotación orzamentaria prevista no Plan galego de financiamento universitario" da Xunta. Ademais, no decreto de autorización de inicio de actividades da Universidade Intercontinental da Empresa "determinarase o inicio do cesamento de actividades do Instituto de Educación Superior Intercontinental da Empresa, adscrito á Universidade de Vigo (UVigo)".

Finalmente, indícase que, de acordo coa normativa, o recoñecemento desta universidade privada "caducará no caso de que, transcorridos cinco anos desde a entrada en vigor desta lei, non se solicitase a autorización para o inicio das actividades académicas ou esta fose denegada".

A lei para a creación da universidade privada superou a pasada semana na Cámara galega o último trámite legislativo coa aprobación do texto normativo que permitirá o desenvolvemento e a implantación dun modelo que se prevé que se poña en marcha no curso 2022-2023. Así, o PPdeG aprobou en solitario a normativa entre críticas do BNG e o PSdeG, que se situaron en contra e advertiron de que levaría "duplicidades" na oferta académica da comunidade.



Oficina de Abanca | [Fonte: Abanca.](#)